

# Celga



# 3

## PROBA B (ORAL)

Caderno do persoal examinador



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C3-B-18 (2)

## PARTE 1 (Texto escrito)

A continuación, lea vostede este artigo sobre a emerxencia das mulleres telefonistas no ámbito laboral. Tome as notas que precise. Na entrevista oral terá que::

- Resumir o texto.
- Realizar unha exposición.
- Conversar sobre o tema.

### A esquecida historia das «señoritas telefonistas»

Nun dos primeiros capítulos da popular serie británica *Downton Abbey*, unha das doncezas que traballa na casa, Gwen, acaba conseguindo un traballo na empresa que está implantando a rede de teléfonos na contorna.

As compañías de teléfonos eran unha das poucas saídas laborais que tiñan as mulleres daquela, pero non só no Reino Unido que retrata a popular serie, senón tamén en moitos outros países. Na Europa de principios do século XX,



poucos traballos podía desenvolver a muller fóra do ámbito doméstico. Daquela, só podía ser «raíña, mestra ou telefonista», afirmación moi célebre na época que algúns eruditos lle atribúen á galega Concepción Arenal, a primeira muller que asistiu ás clases dunha universidade en España. O oficio de telefonista era mostra de que a emerxente industria das telecomunicacións non só estaba modernizando o modo de se comunicaren as persoas, senón que tamén estaba mudando o panorama laboral. Con todo, este proceso non foi tan rápido nin tan sinxelo no noso país, onde houbo un acendido debate sobre se iso era ou non conveniente.

#### A «señorita telefonista»

Ao principio, ata que a telefonía automática non se desenvolveu e implantou, toda chamada tiña que pasar obrigatoriamente polas mans dunha destas mulleres. Antes de existiren os teléfonos automáticos (os da rodiña), unha telefonista sentaba diante dun panel cheo de caravillas que representaban os abonados. A telefonista unía a quen chamaba con aquela persoa coa que quería falar. Curiosamente, pouco é o que se escribiu sobre as «señoritas telefonistas», malia que a súa emerxencia constituíse posiblemente un dos cambios sociais máis interesantes que propiciou a aparición das telecomunicacións. De súpeto, as mulleres non tiñan que ser unicamente esposas ou nais, ou mestras ou doncezas se tiñan ou querían gañar diñeiro para se manteren. Ademais, supoñía traballar nunha

industria moderna e de prestixio. Eran unhas figuras tan asociadas aos tempos que nos xornais de comezos do século XX poden atoparse reportaxes sobre como vivían e moitos, moitos comentarios rexoubeiros.

### **Que precisaban para seren telefonistas?**

En 1916, unha telefonista tiña que ser solteira, ter entre 15 e 25 anos, contar con boa vista e oído e unha moral sen tacha, como lle explicaba a un xornalista un xefe de persoal dunha compañía. Como coñecementos, debía saber as catro regras básicas de aritmética elemental, contar cunha boa ortografía e saber tomar ditado. Estas telefonistas comezaban cun salario medio de 2 pesetas. Traballaban sete horas seguidas e contaban só co dereito a 15 minutos de pausa para comeren ou iren ao baño. Ao casaren, tiñan que deixar a compañía. Por iso, algunhas non casaban nunca.

### **Condicións de traballo**

Pero como era en realidade o día a día laboral da muller telefonista? Para comezar, non se facían millonarias. En 1911, Correos e Telégrafos pechaba a escala de auxiliares femininas coas telefonistas, que percibían daquela un salario anual de 1200 pesetas. A través dalgúns xornais da época, descubrimos que estaban explotadas laboralmente. Adoito teñen que escoitar como os clientes as increpan e as acusan a elas (a voz do servizo) dos fallos, cando estes eran debidos a que a tecnoloxía estaba anticuada. Sofren rebaixas no salario polas queixas dos clientes, atenden paneis con demasiados abonados e deben afrontar quendas con horarios horribles. Clara Campoamor, que fora telefonista a principios do século, contaba en 1934 nunha entrevista, cando xa era unha popular política da II República, que no seu caso traballaban de pé e tiñan que facer grandes contorsionismos para poder unir as chamadas. «Chegamos a adquirir a esvelteza e a axilidade dun artista de monicreques», rexoubaba.

Con todo, nos anos 30, as condicións de traballo das telefonistas melloran. Os teléfonos eran automáticos, así que o usuario non tiña que pasar sempre por elas para chamar a calquera. Ademais, as telefonistas xa non perden o seu traballo cando casan e tampouco cando teñen fillos. As operadoras tiñan incluso subsidio de maternidade.

Texto adaptado de: <http://www.disquecool.com>

**PARTE 2**

<b>1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL</b>	<b>1-2 minutos aprox.</b>
<p>Orientacións para o avaliador: esta parte NON é un interrogatorio e as preguntas NON se avalían. Trátase de que o candidato se sinta a gusto e de que se tranquilice, polo que cómpre evitar as preguntas que o poidan incomodar ou as que resulten molestas.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Como se chama?</li> <li>■ A que se dedica?</li> <li>■ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea...</li> <li>■ Canto tempo leva estudando galego? Por que o estuda?</li> <li>■ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten? (Se procede)</li> <li>■ Que lle gusta máis da cultura galega?</li> <li>■ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa?</li> </ul>	
<b>2. RESUMO</b>	<b>3 minutos aprox.</b>
<p>Orientacións para o avaliador: o candidato ten que realizar un resumo do artigo. Nesta fase preténdese comprobar que o candidato entendeu o texto. NON é unha proba de memoria e, polo tanto, non é relevante que non lembre detalles concretos. En caso de que quede en branco, ou de que o seu resumo resulte excesivamente breve, pódese axudar formulando algunha(s) das seguintes preguntas:</p>	
<p>Faga un resumo do contido do artigo.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>■ Quen son as protagonistas do relato?</li> <li>■ Cal é o oficio que desempeñan? En que consiste?</li> <li>■ Estaba ben valorada a profesión de telefonista na sociedade?</li> <li>■ Lembra que outros oficios podían desenvolver as mulleres antes da aparición do de telefonista? Que papel social representaban as mulleres naquela época histórica?</li> <li>■ Recorda que requisitos debían cumprir as aspirantes a telefonistas? Eran obxecto de explotación laboral?</li> </ul>	

**3. EXPOSICIÓN**
**3-4 minutos aprox.**

Orientacións para o avaliador: o entrevistador escollerá unha das alternativas das que se propoñen e, a partir dela, diralle ao candidato que faga unha **exposición de 2-3 minutos**, na cal defenda o seu punto de vista ou argumente sobre ese tema. Daráselle **1 minuto para pensar** ou organizar o seu discurso e indicárselle o seu tempo aproximado de duración. É moi importante que se realice esta parte para que o candidato poida ser debidamente avaliado. Se o candidato tarda en iniciar a súa exposición, poderáselle axudar con preguntas do tipo: Que opina vostede sobre isto? Está de acordo? Parécelle necesario? Quere engadir algo máis? Se non a realiza, haberá que respectar un pouco o seu silencio para deixar en evidencia que non está cumprindo esta parte da tarefa, pero **EN NINGÚN CASO** se pasará inmediatamente ás preguntas de interacción da seguinte parte.

Realice unha exposición acerca do seguinte enunciado:

- A.** «A principios do século XX, poucos traballos podía desenvolver a muller fóra do ámbito doméstico.»
- B.** «A telefonía transformou o modo de se comunicaren as persoas.»
- C.** «Igal que no caso das telefonistas, as condicións de traballo mudaron ao longo do tempo.»

**4. INTERACCIÓN**
**4 minutos aprox.**

Orientacións para o avaliador: logo da exposición, establecerase un diálogo co candidato. A opción de preguntas que se lle dará ao candidato (A, B, C...) debe coincidir coa opción do enunciado do ítem anterior. Agora ben, estas preguntas **NON** consisten nun interrogatorio; son só suxestións e **DEBEN ADECUARSE**, na medida do posible, ao discurso do candidato.

**OPCIÓN A**

**«A principios do século XX, poucos traballos podía desenvolver a muller fóra do ámbito doméstico»**

- Que transformacións sociais provocou a progresiva entrada da muller no mundo laboral? A sociedade aceptou ben esas transformacións?
- Que opina sobre a presenza da muller en todos os ámbitos sociais? Coñece persoas que opinen de forma diferente?
- Pensa que aínda existen ámbitos pechados para as mulleres?
- Segundo o texto, había traballos propios de mulleres. Considera que isto segue sendo así?  
(Se procede)
- Percibe diferenzas entre Galicia e o seu lugar de orixe no tocante á situación da muller no ámbito laboral?

**OPCIÓN B (público máis novo)**

**«A telefonía transformou o modo de se comunicaren as persoas»**

- Sabía da existencia do oficio de telefonista? Coñeceu vostede persoalmente algunha telefonista?
- Coñece algún traballo que desaparecese nos últimos anos ou estea neste momento en vías de desaparición?
- Cre que as persoas que fan chamadas de promocións comerciais son os telefonistas de hoxe?
- Coñeceu e usou vostede o teléfono de marcación con disco?
- Pensa vostede que as telecomunicacións modificaron a forma de nos relacionar as persoas?
- Considera que as tecnoloxías da información benefician ou prexudican a sociedade en xeral?
- Posúe un teléfono móbil? Que usos lle dá?
- Comparte o seu día a día nas redes sociais (Facebook ou Twitter)? Por que? Que opina ao respecto?  
(Se procede)
- Hai algunha diferenza entre Galicia e o seu lugar de orixe respecto do uso da telefonía móbil?

**OPCIÓN C**

**«Igal que no caso das telefonistas, as condicións de traballo mudaron ao longo do tempo»**

- Considera que as telefonistas estaban explotadas laboralmente a comezos do século XX. Por que?
- Cre que existe explotación laboral na actualidade? Por que? Afecta por igual a todos os ámbitos laborais?
- Pensa que as condicións laborais son iguais tanto para homes como para mulleres?  
(Se procede)
- Percibe diferenzas entre Galicia e o seu lugar de orixe no tocante ás condicións laborais?